



Organismo: SECRETARÍA XERAL – Subdirección Xeral de Persoal – Servizo de Secundaria

***Resolución do 24 de marzo de 2009, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se resolve provisionalmente o concurso de traslados entre funcionarios docentes dos corpos de catedráticos de ensino secundario, catedráticos de escolas oficiais de idiomas, catedráticos de música e artes escénicas, catedráticos de artes plásticas e deseño, profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño e inspectores de educación.***

#### **TEXTO:**

Por Orde do 3 de decembro de 2008 pola que se convocou concurso de traslados entre persoal funcionario docente dos corpos de catedráticos de ensino secundario, catedráticos de escolas oficiais de idiomas, *catedráticos de música e artes escénicas*, catedráticos de artes plásticas e deseño, profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos de música e artes escénicas, profesores de música e artes escénicas, profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño e inspectores de educación,

Procede agora facer pública a adxudicación provisional de destinos obtidos neste concurso de traslados. Na súa virtude, esta secretaría xeral

#### **DISPÓN:**

Primeiro.-En virtude desta resolución provisional de concurso de traslados, adxudicarlles destino provisional aos catedráticos, inspectores e profesores que figuran no anexo I nas sedes ou nos centros que alí se especifican.

Segundo.-Publicar a relación de excluídos no anexo II, polas causas que se indican.

Terceiro.-Segundo o establecido na base décima, apartado 1.3, da Orde do 3 de decembro de 2008, modificada por corrección de erros no Diario Oficial de Galicia do 17 de decembro de 2008, pola que se convocou concurso de traslados entre persoal funcionario docente dos corpos de catedráticos de ensino secundario, catedráticos de escolas oficiais de idiomas, *catedráticos de música e artes escénicas*, catedráticos de artes plásticas e deseño, profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, catedráticos de música e artes escénicas, profesores de música e artes escénicas, profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño e inspectores de educación, será requisito imprescindible, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 124/2007, do 28 de xuño, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo, para participar no concurso de traslados a prazas en que é preceptivo impartir o ensino en lingua galega, que o profesorado acredite a capacitación na devandita lingua, e deberá estar en posesión do certificado de lingua galega 4 (Celga 4), da súa validación ou títulos equivalentes, para as especialidades de filosofía, xeografía e historia, física e química, bioloxía e xeoloxía, matemáticas, debuxo e en todas as especialidades do corpo de profesores de ensino secundario referentes á formación profesional específica, en todas as especialidades do corpo de profesores técnicos de formación profesional e nas especialidades de acrobacia, canto aplicado á arte dramática, caracterización e indumentaria, danza aplicada á arte dramática, dicción e expresión oral, dirección escénica, dramaturxia, esgrima, espazo escénico, expresión corporal, iluminación, interpretación, interpretación con obxectos, interpretación no musical, interpretación no teatro do xesto, literatura dramática, técnicas escénicas, técnicas gráficas, teoría e historia da arte e teoría teatral, todas elas do corpo de profesores de música e artes escénicas. Para estes únicos efectos, entenderase que reúnen este requisito os que superasen a proba de coñecementos de lingua galega no

procedemento selectivo de acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño. Este requisito deberá posuírse e xustificarse no prazo de reclamacións e renuncias ante a secretaría xeral.

Cuarto.-Contra esta resolución provisional, segundo o establecido na base décimo novena, da Orde do 3 de decembro de 2008, cabe reclamación no prazo de dez días naturais, contados a partir do día seguinte á súa publicación no Diario Oficial de Galicia. O prazo de renuncias será o mesmo que o establecido para as reclamacións.

Non obstante, serán admitidas as reclamacións e renuncias presentadas con anterioridade.

Quinto.- As reclamacións e renuncias poderanse presentar en calquera das dependencias ás que alude o artigo 38 a Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, así como no centro de destino sempre que, ademais, se remitan por fax, dentro do prazo establecido, ao servizo de profesorado de educación secundaria, formación profesional e ensinanzas especiais; número de fax 981 54 54 84.

Santiago de Compostela, 24 de marzo de 2008.

Benito Fernández Rodríguez

Secretario xeral da Consellería de Educación

e Ordenación Universitaria

## ANEXO I

## ANEXO II

APELIDOS E NOME	DNI	CAUSAS
Bouza Criado, Xabier	32663757P	Solicitud presentada fora de prazo.
Buján Carballeira, Eugenio José	32788706K	Non transcorreron ao termo deste curso académico polo menos dous anos desde a toma de posesión do último destino definitivo según o establecido na base décima, apartado 1.1 a) da Orde de convocatoria.
Carballo Pérez, Sergio José	33313536Z	Na súa solicitude non fixo petición de centros.
Carbón Ardao, José Antonio	32641052G	Solicita o centro no que xa ten destino definitivo.
Comesaña Paz, Alfredo	36091751J	Na súa solicitude non fixo petición de centros.
De Ozamiz Lestón, María Iciar	33241309F	Non transcorreron ao termo deste curso académico polo menos dous anos desde a toma de posesión do último destino definitivo según o establecido na base décima, apartado 1.1 a) da Orde de convocatoria.
Feijoo Padín, María Dolores	76820475S	Non transcorreron ao termo deste curso académico polo menos dous anos desde a toma de posesión do último destino definitivo según o establecido na base

		décima, apartado 1.1 a) da Orde de convocatoria.
Fernández Rodríguez, Ignacio	36116196D	Non transcorreron ao termo deste curso académico polo menos dous anos desde a toma de posesión do último destino definitivo según o establecido na base décima, apartado 1.1 a) da Orde de convocatoria.
Fuentes Barreiro, María del Pilar	32450986X	Na súa solicitude non fixo petición de centros.
Iglesias Bouza, María del Carmen	76407222A	Na súa solicitude non fixo petición de centros.
Lázaro Sastre, Ángel Manuel	07850245T	Non obtivo o 1º destino definitivo nesta comunidade según o establecido na base décima, apartado 2 da Orde de convocatoria.
Michelena Rouco, Marta	76556617J	Non transcorreron ao termo deste curso académico polo menos dous anos desde a toma de posesión do último destino definitivo según o establecido na base décima, apartado 1.1 a) da Orde de convocatoria.
Rodríguez Iborra, Antonio	20830921M	Non transcorreron ao termo deste curso académico polo menos dous anos desde a toma de posesión do último destino

		definitivo según o establecido na base décima, apartado 1.1 a) da Orde de convocatoria.
Toba Quintáns, Emilia	32435293A	Na súa solicitude non fixo petición de centros.